

## 27 DE SETEMBRO FOLGA MUNDIAL POLO CLIMA

Atopámonos nun momento clave da nosa historia. No último mes fomos testemuñas de:

- Cómo o planeta batía récords en cantidade de contaminación.
- Illas de plástico nos océanos.
- Perda de biodiversidade.
- Etc.

### É este o mundo que nos queredes deixar?

É necesario que todos nos poñamos en marcha para salvar a nosa Terra. As consecuencias do cambio climático no noso país xa son claramente visibles:

- Subida do nivel do mar
- Desertificación do chan
- Aumento da temperatura
- Alteracións nos ventos, afloramentos e evaporación das augas.
- Entradas de especies invasoras debido ás novas condicións climatolóxicas.
- Deterioración dun gran número de ecosistemas
- E, desgraciadamente, un longo etcétera.

Todo isto é consecuencia dos nosos hábitos de vida, que poñen en risco a nosa supervivencia. Se continuamos polo mesmo camiño o estado do noso planeta será devastador. Debemos atallar este problema **xa!**

Para atallar todo isto, propoñemos que se leven a cabo as seguintes medidas:

1. Pregarlle aos supermercados que teñan unicamente bolsas de papel e eliminen dunha vez por todas as bolsas de plástico.
2. Promover o emprego de enerxías renovables: a enerxía eólica, a enerxía solar, a enerxía mareomotriz, etc.
3. Sempre que sexa posible, reutilizar os obxectos e darlles unha segunda vida.
4. Facer o esforzo de non mercar produtos que conteñan plásticos dun único uso.

5. Usar botellas de auga reutilizables: botellas de cristal, botellas tipo termo ou, no seu defecto, botellas de plástico que teñan máis dun uso.
6. Reciclar adecuadamente os residuos nos seus respectivos contedores.
7. Prestar especial atención á reciclaxe dos residuos tóxicos, coma por exemplo as pilas.
8. Darlle unha recompensa ás persoas que reciclan. Noutros países hai contedores de botellas de plástico que, a cambio de reciclar, dan unha compensación económica.
9. Multar ás persoas que tiran residuos ó medio ambiente.
10. Favorecer o emprego do transporte público e ir andando sempre que sexa posible.
11. Empregar na Internet o buscador ECOSIA, dado que por cada 45 procuras de información plantan unha árbore.
12. Recoller residuos cando imos á praia. Propoñemos NON irnos da praia sen recoller antes, polo menos, 5 residuos. Ademais, propoñemos desde o noso colexio organizar unha campaña de recollida de residuos nas praias da nosa contorna.
13. Propoñemos tamén que se organicen campañas de recollida de residuos desde as distintas cárceres do mundo.
14. Por último, gustaríanos propoñer que todos os traballadores/as teñan a posibilidade de doar unha pequena porcentaxe do seu soldo para axudar na loita e investigación contra o cambio climático.

Unha vez escoitadas as nosas propostas, para rematar este manifesto só nos queda dicir que **todos** podemos axudar na loita contra o cambio climático. **Todos** podemos facer algo para que esta realidade tan preocupante e aterradora chegue ao seu fin.

E lembremos... **XUNTOS SOMOS MÁIS FORTES.**

**XUNTOS PODEMOS CONSEGUILO!** *(todos os nenos/as xuntos/as)*